



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aceptación renuncia, cese da funcionaria interina Dona Beatriz González Vecin, administrativa, grupo C, subgrupo C-1, e alteración orde da lista de reserva para a provisión interina de prazas de administrativo, grupo C, Subgrupo C-1.

Antecedentes:

1.- Convocatoria e bases de selección de para a formación dunha lista de reserva de prazas de administrativo, grupo C, subgrupo C-1, mediante resolución da Concellería delegada de persoal de data 27/08/2019 (nº resolución 2019-0967)..

2.- Resolución da Concellería de persoal de data 24/01/2020 (nº 2020-0062) pola que se aproba a lista de reserva a provisión interina de prazas de administrativo grupo C, subgrupo C-1, constando a seguinte orde:

| Posto | Nome e apelidos | | | Total puntuación proceso selectivo |
|-------|------------------|-----------|----------|------------------------------------|
| 1 | BEATRIZ | GONZÁLEZ | VECÍN | 18,825 |
| 2 | FRANCISCO JAVIER | FIGUEIRAS | FIGUEROA | 15,985 |
| 3 | SILVIA | ESTÉVEZ | ÁLVAREZ | 15,1 |
| 4 | GUADALUPE | RODRÍGUEZ | MARTÍNEZ | 14,8 |
| 5 | MARTA | DÍAZ | SOLANO | 12,95 |

3.-Mediante Resolución da Alcaldía de data 12/02/2020 (nº 2020-0139) se nomeou a Dona Beatriz González Vecin funcionaria interina, administrativo, do grupo C, subgrupo C-1, ata que a praza se cubra en propiedade; tomando posesión o 17/02/2020


8.-Mediante escrito de data 16/10/2020 (nº de rexistro 2020-E-RC-6644) Dona Beatriz González Vecin, presenta escrito no que renuncia o nomeamento interino, xustificada no nomeamento no concello de o Grove o cal ten que incorporarse o 19/10/2020.

Fundamentos xurídicos:

Segundo o artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP), o cese dos funcionarios interinos, producirase , ademais de polas causas previstas no artigo 63, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento.

O artigo 63 do TRLEBEP, indica no seu apartado a) , a renuncia a condición de funcionario.

En termos similares se expresa o artigo 24 e o artigo 64.a) da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.





En virtude do estipulado no artigo 14 das bases de selección da lista de reserva para a provisión interina de prazas de administrativo , grupo C, Subgrupo C-1 que indica con respecto as renuncias o seguinte:

"A renuncia o nomeamento por causa xustificada (estar traballando por conta propia ou allea, facéndoo constar de xeito fehaciente, períodos de embarazo maternidade ou situacións asimiladas, ou enfermidade debidamente xustificada) determinará que non se perda a orde na lista de reserva procedéndose ao chamamento do seguinte aspirante na orde da lista.

A renuncia por causa xustificada ao nomeamento como funcionario interino por dúas veces suporá a perda da orde na lista de reserva relegándose ao aspirante ao último lugar na mesma.

A renuncia por causa non xustificada ao nomeamento como funcionario interino suporá a perda da orde na lista de reserva relegándose ao aspirante ao último lugar na mesma.

O/a aspirante que tendo sido nomeado/a funcionario/a interino/a renuncie ao posto será excluído/a da lista de reserva."

O abeiro da competencia atribuída no artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local, competencia indelegable segundo o disposto no artigo 21.3 da mesma norma e en concordancia co indicado no artigo 205.5 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia,

RESOLVO,

Primeiro: Aceptar a renuncia de Dona Beatriz González Vecín, con DNI ***3245** , con efectos económicos e administrativos de data 18/10/2020.

Segundo: Excluir da lista de reserva para nomeamentos interinos de administrativo a Dona Beatriz González Vecín, segundo o indicado no artigo 14 das bases de selección, de xeito que a lista queda co seguinte orde:

| Posto | Nome e apelidos | | |
|-------|------------------|-----------|----------|
| 1 | FRANCISCO JAVIER | FIGUEIRAS | FIGUEROA |
| 2 | SILVIA | ESTÉVEZ | ÁLVAREZ |
| 3 | GUADALUPE | RODRÍGUEZ | MARTÍNEZ |
| 4 | MARTA | DÍAZ | SOLANO |

Terceiro: Efectuar a baixa na TGSS de Dona Beatriz González Vecín, con efectos do día 18/10/2020.

Cuarto: Notificar o presente acordo a interesada.

Quinto: Dar traslado do presente acordo o departamento de persoal aos efectos de preparar acta de cese e o Pleno na primeira sesión que se celebre.

Sexto: Publicar a modificación da lista de reserva para nomeamentos interinos de prazas de administrativos grupo C, subgrupo C-1.

Sétimo: Contra o presente acordo poderá interporse os seguintes recursos:





EXCMO. CONCELLO DE TUI

- **Potestativo de reposición**, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o desta notificación.
- **Contencioso-Administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, se non se interpuxera o de reposición. Si se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezaran a contarse dende o día seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.
- Calquera outro que estime conveniente, baixo a súa responsabilidade.

Mándao e asíno o sr. Alcalde, Enrique Cabaleiro González, en Tui.
Documento asinado dixitalmente á marxe.

